

A dialéctica da historia e a obra de Rosalía de Castro (Patriotismo, populismo e socialismo utópico)

Francisco Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, FRANCISCO (2012 [1986]). “A dialéctica da historia e a obra de Rosalía de Castro (Patriotismo, populismo e socialismo utópico)”. En *Actas do Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 419-439. Reedición en *poesia-galega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2344>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, FRANCISCO (1986). “A dialéctica da historia e a obra de Rosalía de Castro (Patriotismo, populismo e socialismo utópico)”. En *Actas do Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 419-439.

* Edición dispoñible en pdf desde o 19 de outubro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesia-galega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este textos en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A DIALECTICA DA HISTORIA E A OBRA DE ROSALIA DE CASTRO (Patriotismo, populismo e socialismo utópico)

FRANCISCO RODRIGUEZ

I.N.B. A Estrada

1. A evolución dialéctica da historia: o paso da sociedade patriarcal á capitalista ou “civilizada”

Rosalia de Castro pertence a ese tipo de escritores que representan e sintetizan o conflito criado pola lenta desaparición dun tipo de sociedade e o ascenso irreversíbel de outra. Nestes conflitos adoitan aparecer obras literárias especialmente importantes pola sua rica complexidade, xa que parecen evocar tristeza perante o que desaparece, á vez que se situán dunha maneira progresiva, pero crítica, perante o que ven. Son, pois, obras que recollen a realidade non de forma estática, mais si dialéctica. A xénese da creación literaria acada valores e funcións máis aló dos artísticos e sociais se, ademais do conflito devandito, este se insere na toma de conciencia dunha sociedade colonizada (1).

Rosalia de Castro foi perfectamente consciente do paso da sociedade “patriarcal” á sociedade burguesa, como veremos, cunha conciencia típica da filosofía pre-marxista. Sabía da evolución da historia nos termos establecidos polos socialistas utópicos, que habían ser posteriormente tan caros ao marxismo (2). Se a Galiza, basicamente unha sociedade “patriarcal”, as suas clases traballadoras, tipicamente pre-capitalistas, se encamiñaban nunha dirección marxinal notória, no proceso de integración capitalista no Estado e no mercado internacional, está claro que, cando menos, a opción podía ser dobre: aceitar este destino ou combaté-lo.

1.1.- A primeira novela rosaliana, “La hija del mar” (1859), escomenza por asumir a nosa realidade como matéria literaria trascendente, nunha cosmovisión na que subxace a presencia da Eternidade, de Deus, através do home e da Natureza. Sintomaticamente son as mulleres do pre-capitalismo as protagonistas dunha histó-

(1) Vid. Francisco Rodríguez, “Rosalia, a realidade do mito” en *Rosalia de Castro. Unha obra non asumida*, VV.AA., Ed. Xistral, Santiago, 1985, pp. 125-26.

(2) Referindo-se a un socialista utópico español, Huarte, Maluquer de Motes en *El socialismo en España (1833-1868)*, Crítica, Barcelona, 1977, p. 180, di: “Por un lado asimila y acepta el esquema de la evolución de la humanidad construido por Fourier y admitido también por Marx y Engels. Se refiere, por tanto, a las etapas conocidas –periodo primitivo o comunidad primitiva, salvajismo o esclavismo, patriarcado o feudalismo, civilización o capitalismo comercial–”.

ria de amor que quer evidenciar a formosura, a eternidade dos seus sentimentos, a necesaria liberación da escravitude na que viven, así como a grandeza deste curruncho da Europa (3). Manexando material de evidente orixe literaria –especialmente Byron e Goethe– vai-se construindo unha trama na que a narradora omnisciente apela, en ocasións, aos destinatarios co obxecto de filosofar. Xa no prólogo deixará constancia da represión, da censura e auto-censura á que se ven sometidas as mulleres escritoras: “Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”. Tampouco desaproveita a ocasión para espetar ali mesmo a sua actitude crítica co capitalismo canto ao papel da muller:

Se nos permite ya optar a la corona de la inmortalidad y se nos hace el regalo de creer que podemos escribir algunos libros, porque hoy, nuevos Lázarus, hemos recogido estas migajas de libertad al pie de la mesa del rico que se llama siglo XIX. (O.C., pp. 12-13) (4).

Pero resultan más significativas as palabras nas que se condena o feudalismo, considerando necesaria a sua desaparición, positiva para a muller, sen por iso cair na loubanza do capitalismo, ao que se critica na sua versión liberal:

Infelices criaturas, seres desheredados que moráis en las desoladas montañas de mi país; mujeres hermosas y desdichadas que no conocéis más vida que la servidumbre, abandonad vuestras costumbres queridas, en donde se conservan perennes los usos del feudalismo (...) huid de esos groseros tiranos y venid aquí, en donde la mujer no es menos esclava, pero en onde se le concede el derecho del pudor y de las lágrimas (O.C., p. 96).

Rosalía parece esperar que una revolución democrática abra un período no que as palabras “civilización” e “liberdade” signifiquen outra cousa que na versión liberal. As almas xenerosas dos homes que loitan pola Humanidade nesta dirección, incítala-desta maneira:

¡Pero por Dios, no seáis egoístas como los hombres que pasaron! ... El día en que el mundo se eche en vuestros brazos acordaos de Esperanza...; es decir: ¡de la mujer débil, pobre, ignorante! (O.C., p. 96).

O personaxe de Ansot, o depredador, é un representante, a partes iguais, da escravización do feudalismo –señor tiránico dun pazo– e do roubo e cosmopolitismo capitalista, na sua versión mercantil –pirata mundano con luxo orixinado no negocio organizado en ambos os dous mundos en compañía doutros da sua caste. Existe,

(3) “Hay en este olvidado rincón de Europa paisajes dignos de ser descritos por aquél que era el más grande de los poetas”, en *Obras Completas*, Aguilar, Madrid, 1977, II, p. 29. As citas das novelas fanse todas por esta edición. Otero Pedraio en “Una novela del mar y del destino”, *La Noche*, 24 de Setembro de 1957, subliña: “De las novelas de Rosalía es la sola formada en torno a personajes centrales femeninos”.

(4) Iris M. Zavala lembra que “la novela romántica española va también precedida de estos prólogos-manifiestos que repiten sin muchas variantes las teorías novelísticas francesas e inglesas”, en *Ideología y política en la novela española del siglo XIX*, Anaya, Salamanca, 1971, p. 17. Non é este precisamente o caso.

por tanto, un sentimento democrático –as clases traballadoras–, feminista –as mulleres– e galego –pre-capitalismo, xeografía, natureza–. Esperanza, que ha voltar ao fondo do mar, simboliza a muller nova que ha de xurdir no futuro (5).

1.2.– O mito da liberdade no capitalismo foi desenmascarado por Rosalia explícitamente en “Flavio” (1861), mozo romántico por exceléncia, que coida que a sua pátria é o mundo e a sua guía a liberdade. Conforma a representación xenuina do home da Natureza:

La verdadera patria del hombre es el mundo entero (O.C., p. 205)

La vida del hombre sin libertad no es vida (O.C., p. 209)

El hombre de la Naturaleza había expresado sus más íntimos sentimientos (O.C., p. 251).

Pero “ese abismo profundo y resbaladizo que se llama sociedad” (O.C., p. 217) encarrega-se de adeprender-lle que os sentimentos non se poden exteriorizar e que a comprensión home/muller está condenada ao fracaso. A murmuración, o orgullo, a falsa amizade, a vinganza, en definitiva, a competéncia fanarán a posibilidade de harmonía amorosa (6). Os mitos románticos acaban fundindo-se no médio da propia sociedade que os criou. A rebeldía e a inxenuidade persoal de Flavio converten-se ao cabo en cinismo, asentado na metalización da vida como categoría suprema. O suicidio non se verifica na sua persoa, senón na dunha probe labrega namorada, vítima da agresión vingativa do herói por un amor non conquistado, sintomático do desprécio polas mulleres, até entón seres “sublimes”. A narradora, que deixa que sexa Flavio o que escomece a novela cun monólogo interior que amosa a sua conciencia idealista e romántica, levará-nos dun ambiente no que a Natureza está omnipresente a outro no que a sociedade “civilizada” ocupa o seu lugar. Converte-se así a novela en testemuño sico-sociolóxico dunha batalla entre un mozo –Flavio– e unha moza –Mara–, condenados pola fenomenoloxía de comportamentos e educación que a sociedade xera, a non entenderen-se. Se ao comenza parece ser el a vítima, ao cabo vai ser ela, responsabilizada, culpabilizada, mesmamente pola sociedade, de todos os infortúnios e dislates do protagonista. No proceso, a narradora mantén unha actitude de comprensión e de respeito para ambos, en grande parte da trama para Flavio, para chegar a recoñocer a preterición e fidelidade final da muller, de Mara: “Mara le

(5) Salvador de Madariaga, *Mujeres españolas*, Espasa Calpe, Madrid, 1972, p. 279, afirma: “Es muy posible que en su acercamiento al alma sufrida y atormentada del pueblo pobre haya influido cierta actitud venida de Francia que hoy llamaríamos izquierdista”. Para un tratamiento da actitude feminista de Rosalia, Pilar Pallarés, “Unha leitura feminista de Rosalia” en *Rosalía de Castro. Unha obra non asumida*, op. cit., pp. 99-124.

(6) Velaí a influéncia de Rousseau, ao que Rosalia lia, ben elocuente na novela. Como ten sinalado A. Jutglar, “Ideologías y clases en la España contemporánea”, I, (1808-1874), Cuadernos para el Diálogo, Madrid, 1968, p. 212, referindo-se á denominada xeración do 68: “se ha insistido especialmente en torno a las influencias proudhonianas, bakuninistas y krausistas, olvidándose en cambio del papel desempeñado por las obras de Voltaire, Rousseau, Leroux, Kant, Hegel, Fourier...”.

esperó en vano un día tras otro día; le parecía imposible que le hubiese perdido para siempre, y aunque con el corazón destrozado, ella no cesaba por esto de amarle y de soñar en su vuelta” (O.C., p. 471).

Os sentimentos non poden harmonizar-se porque o impede a estrutura de poder; nela os sentimento da muller sempre levarán a pior parte, por máis que recorra ao orgullo, á vaidade, á coquetería e á hipocresía. Cun ar inicial de novela psicolóxico-sentimental, acaba sendo unha novela doctrinaria (7), filosófica. Todos os mitos ficaron invertidos: Flavio vende a su liberdade e casa cunha muller, vella e horríbel, pero que ten millóns, á que herda axiña, facendo unha vida de ócio e luxo orientais. Ria-se do seu pasado e aseguraba “que en sus primeros años había sido el muchacho más inocente y más necio del mundo” (O.C., p. 472). A sua mocidade troca-se en anecdotario para a vellez. Antes das palabras de Flavio sobre a sua mocidade, a narradora resume a vida de ambos, a partir do seu afastamento mútuo, cunha clara intencionalidade antitética. A preterición da muller fica clara: “y allí [na quinta] pasó parte de su juventud complaciéndose en recordar como un hermoso sueño cierta imagen que algún día había pasado ante ella sonriendo para no volver más” (O.C., p. 472).

13.- Nada de extraño hai en que Rosalia desembocase na novela social, preocupada como estaba polo proceso evolutivo da historia, pola función do capitalismo en ascenso. A sua narración “Ruinas” (1866) é catalogada por ela mesma de “exemplar”, por tanto se concebe como parábola sobre a riqueza e a pobreza, sobre o retroceso dunhas clases sociais e o ascenso de outras, sobre a necesaria rectificación do modelo. Velaí porque, frente a unha fidalga arruinada, chea de dignidade e sentido da independencia, coloca a un rico pródigo que se adicará a pór en evidencia, desde a sua posición actual e “moderna”, a dinámica da sociedade “honrada” e burguesa (espécie de filántropo, sen algúnsa hipocresía, que di verdades sobre a sua propia clase, en certa maneira antecedente do posterior cabaleiro das botas azuis). D. Braulio maldi e denuncia aos ladróns do probe, así como aos tacaños e avarentos (8):

Si alguien me arruinase a mí, no serían los pobres, sino los ricos. Lo que se gasta con el rico, es la parte del trigo que, en la parábola del Señor, siembra el labrador sobre el peñasco que no da fruto (O.C., p. 522)

(...) echaba un sermón sobre las gentes tacañas y la tacañería que ardía en un candil, (O.C., p. 523).

Montenegro, o outro personaxe que por bon estaba na miseria, é vítima a maiores dun enamoramento non correspondido que o levará á loucura. O diñeiro condi-

(7) Iris Zavala, *op. cit.*, p. 83: “La enorme difusión de Eugène Sue y George Sand en los de tendencia democrática y republicana permite suponer que un nutrido sector de la opinión española utilizó la novela como vehículo doctrinario”. *Flavio* evidencia esquemas filosóficos fourieristas, moi atentos ao problema dos deseños e inclinacións reprimidos así como á concepción da Humanidade, como totalidade de relacións dialécticas. Vid. Maluquer, *op. cit.*, pp. 142 e 177.

(8) Desde Lamennais até Proudhon foi unha constante falar do roubo que o rico fai ao probe, chegando á afirmación, no último caso, de que a propriedade é o roubo.

ciona a aceitación por parte da bonequiña burguesa, que refuga do fidalgo arruinado. Cando por intercesión benefactora de D. Braulio, que recebe unha importante herencia dun seu sobriño que morre na emigración, o fidalgo conte con cartos, arrincará a sua barba, como se fose ouro, para llela ofrecer aos viaxeiros dos camiños, totalmente entolecido, proclamando até que extremo o home val o que ten nesta sociedade.

A usura, a emigración, a burguesia mercantil, a fidalguía en retroceso, o amor fanado ... conforman unha historia realista –documento social– e exemplar, por didáctica, por filosófica. Exprime-se un aberto ódio, unha clara burla contra a estupidez da burguesía e o seu egoísmo, dunha maneira na que o compromiso da narradora é elocuente:

(...) muchas gentes honradas a quienes la providencia ha dado (sin duda por secretos fines) apariencia de hombres, y una fortuna que les sirve de abrigo contra la inclemencia de la desgracia que acá, para el corto entendimiento de los interesados en la materia, sólo debía perseguir a los brutos, porque como suelen decir que la desgracia aguza el ingenio, sería el justo medio de corregir millares de hipopótamos, cuya existencia, ¡quiera el cielo que no ofendamos a esos que se dicen hermanos nuestros haciendo esta aclaración!, casi nos parece un crimen digno de la pena capital.

Pero he aquí, ¡oh Humanidad!, que los brutos triunfan... Ellos, ¡Dios mío!, y confiados en su buena estrella, se burlan de todo lo creado menos de la fortuna bienhechora que cobija su inocencia. Viven, comen, engordan y creen que el que no es sólidamente estúpido como ellos no tiene derecho a comer y engordar. ¡Oh! ¡Misterios indescifrables y recónditos! ¿Para qué han venido al mundo los brutos? Sabios, resolved este problema, que debe tener alguna conexión con los animalitos asquerosos y dañinos creados para probar la paciencia del hombre.

En la célebre villa a que aludimos había muchos de esos seres voluminosos y respetables que hallan lugar en todas partes, a pesar del gran espacio que ocupan y de que son sus anchas fauces y respiración fuerte y anhelosa parecen querer solo para sí todo el aire que encierra el recinto en donde se encuentran. (O.C., pp. 512-13).

Estes personaxes nen despilfarran nen extravian. Os nemigos das tres “ruinas” son os estúpidos burgueses, que non poden tolerar nada que se saia da norma. Despois da morte dos seus entrañábeis amigos, D. Braulio segue firme na sua “guerra declarada a los tacaños y a los avaros”, deixando escrito, antes de morrer el tamén, un epitafio para a sua tumba, que reza: “Maldigo a los ladrones del pobre que llegan a profanar mi tumba” (O.C., p. 558).

Rosalía arribaba así á narración realista, de intención moralizante, con plena conciencia: falar da historia actual e non do pasado glorioso, e de tipos verdadeiros, que realmente existiron (9).

(9) Iris Zavala, *op. cit.*, p. 12, é consciente desta débeda do realismo coa novela social: “La polémica sobre el romanticismo en la década del 30, el surgimiento de la novela social en la del 40, aparecen entonces como las primeras tentativas de novela realista que la tradición literaria viene adjudicando sólo al cuadro costumbrista y a Fernán Caballero”. Rosalía sería a superación do mo-

1.4.- Porén, onde a denúncia e a crítica do mundo burgués acada o seu cenit é en “El caballero de las botas azules” (1867), precisamente unha novela que se desenvolve no espazo de Madrid como representativo da “civilizada” Europa (10). Nesta ocasión chouta-se do terreo moral para acadar o da alegoria premonitoria: a necesaria desaparición, destrución, da sociedade capitalista, así como da má literatura que a agacha e funciona como alienación. O próprio traballo do escritor, as condicións do mercado editorial, aparecen formando parte dun conxunto, que se contempla através de tipos das clases dirixentes e os seus lacaios e imitadores, en ton irónico e crítico. Os beneficiarios colectivos da desaparición desta sociedade están de telón de fondo: non aparecen máis que ao final, pero son aludidos (a clase obreira, o povo, as masas, que han acceder ao libro da sabedoría). A musa da Novidade —representada como unha espécie de marimacho— criará o home novo que se encarregará do desenmascaramento do “gato burgués” —banqueiros, militares, comerciantes, editores, as miméticas clases médias, periodistas ao servizo do poder, e as mulleres ociosas, pero frustradas, de tal condición—. A narradora, perante a diversidade de tipos desta atmósfera burguesa, fai-se, acompañando ao herói, o duque da Glória, omnisciente e distanciada da sua presenza subxectiva formal, con uso da terceira persoa.

E como unha espectadora que acompaña ao visitante fantástico, que parece visto da gloria, como un Mesias, nas suas diabluras, para evidenciar tanta hipocresía, frustración, egoísmo e ociosidade. Unha sociedade que vive do traballo do próximo, que se asenta no luxo, na riqueza e no ócio, rodeada da más espantosa miseria de outros seres humanos. A figura do embaixador inglés centra a referencia ao Estado capitalista e imperialista máis importante do mundo na década dos sesenta.

O Duque da Glória, que provén do Cáucaso, co seu ar misterioso, parece representar a realización da premonición de Nicomedes Pastor Díaz de que a Revolución chegará de Rúsia (11). Á vez que cabeza revolucionaria, como di o seu paxe Zuma, representa tamén a reencarnación de namorados que non lograron a harmoniosa confusión en vida. Unha das suas funcións será esta de harmonizar as paixóns amorosas das suas visitadas, entangarañadas polo narcisismo e o individualismo, pola intollerancia e a morbosidade impotente —casos da tia Dorotea e de Mariquita—. E chamativo e sintomático o distanciamento de Rosalia perante a sociedade “civilizada” europea e a sua simpatia polos denominados “selvaxes”, actitude anti-eurocéntrica precisamente na época do espallamento do imperialismo competitivo. Os elementos fantásticos teñen certa orixe literaria —Hoffmann, Liermontov—, así como a idealización do

de lo da década dos 40, por calidade e radicalismo, e un adianto orixinal e específico da novela española da Restauración. Un caso aparte na cultura española, á que tampouco en paridade pertence.

(10) No “Boletín Bibliográfico español” anunciaba-se así: “El caballero de las botas azules”, cuento extraño, por R.C. de Murguía, Lugo, 1867, Soto Freire, edic. Madrid, entrega 1^a por suscripción. Constará de 20 entregas de 16 págs., excelente papel satinado”.

(11) Ramón Otero Pedraio, “Romantismo, saudade, sentimento da raza e da Terra en Pastor Diaz, Rosalia de Castro e Ponda”, Nós, 1931, p. 68: “Hai nestas leccións [as ditadas no Ateneo de Madrid, no 1848-49, co título de “Problemas del socialismo”] unha notable profecía: os rusos virán a Europa para establecer o imperio da democracia e do comunismo”.

mundo oriental —o paxe Zuma: o amor está por enriba do sexo porque todo o que existe é bon, en frase que parece tradución do aserto hegeliano de que todo o real é racional, más cunha forte dose de comprensión e apertura moral (12).

Nesta novela, mestura-se unha forte aspiración “utópica” de cámbio e un forte sentido do real, que abranxe mesmo a valoración da importancia das aparéncias na atracción amorosa, como se comproba nas recomendacións do Duque da Glória ao sacristán para conseguir o amor de Mariquita. É unha alegoria sobre da necesidade dun cámbio, especialmente alusiva ao mundo da muller burguesa, ociosa, e da má literatura —as terríbeis novelas histórico-españolas e os folletins, ideoloxicamente ao servizo da mentira—, pero orientada na percura da necesaria felicidade para a Humanidade, do povo, ao fin protagonista como consumidor do libro da sabedoria que ha de conté-la. Filosofía e cámbio social fican conexionados, como proclama e convición de que a filosofía debe servir para cambiar o mundo, axioma tamén moi caro ao marxismo (13).

1.5.— Despois de expor esta estratéxia da Rosalia narradora, que vai do marcado subxectivismo retórico-poético —identificación cos personaxes e imprecacions a diferentes destinatarios— da sua primeira novela, á obxectivación social, mantendo sempre unha forte arela de transformación da realidade analizada, xa implicitamente, xa explicitamente; que vai do precapitalismo ao capitalismo, da Galiza á Europa, como espacios, da esperanza no amor e na felicidade individual ao programa dunha filosofía da felicidade colectiva, estamos en disposición de afirmarmos que o sustrato do seu pensamento, da sua ideoloxía, temos que percurá-lo nos socialistas utópicos, tanto cristiáns como fourieristas e ainda prouthonianos, correntes polo demais todas elas vinculadas (14).

A defensa do traballo como condición necesaria e indispensábel á dignidade do home, a defensa da emancipación da muller e a crítica ao seu papel na sociedade burguesa, a créncia de que o home é bon por natureza, pero que son as condicións sociais as que o perverten, a percura da harmonia nas paixóns, a condena da repre-

(12) “Todo lo que ha sido hecho es bueno, Hombre eminente” (O.C., p. 577), di a Musa, precisamente ao ver que o Home espanta perante a figura lanzal, pero de rostro e expresión ambigua, mistura de home-muller, á que califica de abominación.

(13) Alfredo Vicenti, nun artigo titulado “Movimiento literario en Galicia”, *El Diario de Santiago*, 15 de xuño de 1874, advertía sete anos máis tarde da publicación de *El caballero de las botas azules*: “Por muy pocos inteligentes es apreciado en su justo valor el cuento extraño [sic], que se llama “El caballero de las botas azules”, y detrás de cuyas amargas consideraciones se entrevé el sol del porvenir”. O subliñado é noso.

(14) “De lamentar es semejante perversión de ideas: con razón dice un escritor que salir del evangelio y de la caridad preceptada por Jesucristo, es engolfarse en un mar de tempestades y peligros; y decimos esto porque los escritores arriba citados (Soulié, Balzac, Victor Hugo...) modestamente se anuncian como salvadores del pueblo, como intérpretes de las doctrinas del Mesías, como poseedores de la panacea que ha de hacer que renazcan los siglos de oro para la ‘Humanidad’, José España Lledó, en “El Liceo de Granada”, rev. quincenal de ciencias, literatura y artes”, I (1869), 7-9, citado por Zavala en *op. cit.*, p. 315.

sión dos sentimentos... son algunas das débedas co socialismo utópico. No terreo político, estas ideas sociais corrian como moeda frecuente nos circos intelectuais demócratas, quer dizer, na versión non liberal da democracia, que era ben crítica co proceso de ascenso do capitalismo no Estado (15).

Efectivamente, Rosalia era unha moralista, pero unha moralista social, unha filósofa da moralidade colectiva, non unha moralista relixiosa no sentido vulgar. A sua moralidade aspiraba a estar fundamentada nos necesarios cambios colectivos para lograr a felicidade do home na terra, a sua perfección con este obxectivo. Por eiqui temos que enfiar as suas preocupacións metafísicas pola eternidade, pola resurrección da carne e mesmo da posibel reencarnación, pola presencia dun Deus panteísta e os seus siléncios perante ainxusticia no mundo... A sua metafísica era toda unha xustificación ou cobertura dunha fonda preocupación polo home terreo. A sua moralidade era totalmente laica, por canto era a sociedade civil a que a fundamentaba en primeira instancia, ainda que o sustrato filosófico último se asentase nunha metafísica (16).

Xa vimos, por outra parte, que a sua literatura escomenza sendo aspiración á eternidade, ao absoluto, como na filosofía post-romántica, e os poetas uns inspirados, como posuidores dunha certa divinidade, por máis que moitos o sexan sen sabé-lo (caso das mulleres galegas pre-capitalistas), pasa pola rectificación do seu romantismo, para centrar-se máis nas condicións históricas, sociais e económicas, como explicadoras da finitude e limitación da liberdade. A necesidade material concretada fai así aparición na sua obra, perdendo-se certo idealismo irracionalista —o criterio de xenialidade e destino como prevíos—, típicos da sua primeira novela. O final e a mecánica das relacións Mara/Flavio son xa un forte adianto, a exemplaridade de “Ruinas” non fai máis que conducir á vinculación da literatura coa evolución social e histórica. Arte realista, por máis que singular e senlleira. Ainda enriba de adiantada, especial e extraña. Anormalidade sobre anormalidade ian configurando a figura rosaliana (17).

(15) Jutglar, *op. cit.*, p. 214, fai referencia a duas posibilidades no movimiento romántico: “Por una parte, coincidía con los deseos de afirmación individualista latentes en los planteamientos liberales de todo tipo y en los objetivos político-jurídicos de la burguesía, y por otra parte, se encontraba vinculado a un moralismo criticista, animado por la misma ansia de libertad, que había de conducir a muchos románticos a perspectivas situadas más allá del liberalismo individualista al vivir unos anhelos de justicia y solidaridad acrecidos ante la comprobación de las contradicciones y los contrastes de la sociedad”.

(16) Viña-Ille, en certa dose, da filosofía alemana post-romántica através de Goethe, cando menos. A contribución máis histórica e sociolóxica é o pensamento e a literatura francesa da época, que se chuchaba nos ambientes democráticos. Ruiz Aguilera era fourierista; Nicomedes Pastor Díaz até 1849 estaba tamén tinxido desta filosofía. Vid. Maluquer, *op. cit.*, pp. 289 e 186. Por se fose pouco, a doctrina de l'ourier era coñecida na Académia Literaria de Santiago, polo menos xa en 1842. Vid. Benito Varela Jácome, “La Academia Literaria de Santiago en 1842”, CEG, 28, 1954. George Sand, tan admirada por Rosalia, fora defensora do fourierismo. Non cabe esquerer que Fourier foi dos primeiros pensadores en defender a igualdade da muller.

(17) “La obra en prosa de Rosalía es de una índole muy especial, y no siempre ya al alcance de todos. Se trata de relatos escritos o imaginados por una poetisa muy dada a las ideas”, di Madariaga, *op. cit.*, p. 318, e engade: “Ha sido Galicia la que ha dado al mundo el mejor tipo en

2. Patriotismo (pre-nacionalismo) e criación dunha literatura nacional

Por todo o devandito, non debe de sorprender que a primeira reacción, cualitativamente diferente ao anteriormente escrito en galego, de defensa do mundo dos “selvaxes”, do mundo “patriarcal” galego frente á “civilización” burguesa do Estado corra pola sua conta. Rosalia asumió a necesidade de loitar contra os estereotipos da ideología dominante (burguesa, eurocéntrica e españolista) no que se refere ao papel asignado á sua pátria, a Galiza. Produto desta actitude é “Cantares gallegos” (1863). Na medida na que a españolización levaba implícito un forte anti-galeguismo, marxinalización e asimilismo, amosou-se duramente anti-española. O conxunto do libro ten un evidente ton de dignificación do país, da sua cultura e da sua mentalidade, unha febra antropológica e social, na que o sentimento xoga un papel, que ha ser sinalado pola menina gaiteira no poema que fai de colofón como insuficiente para a formulación do patriotismo. Pero é notória a sua predilección polas clases traballadoras do país, e moi especialmente, as mulleres. O poeta está basicamente ao seu servío, integrando-se persoalmente no conxunto. Esta integración é a típica dun populista, é dicer, unha variante particular “de un modelo ideológico que emerge en diferentes sociedades atrasadas durante los periodos de transición y refleja la característica posición de clase de los campesinos” (18). Como ten sinalado Andrzej Walicki:

Es una ideología formulada por una “intelligentsia” democrática que, en países atrasados faltos de una fuerte estructura de clase burguesa, disfrutaba [no noso caso, aspiraba a desfrutar, diríamos nós] un mayor papel de autoridad social y desempeña una parte de mayor relieve en la vida nacional que los intelectuales en los estados económico-máis desarrollados (19).

Non é, pois, a sinxela ideología democrática, nem o sustrato folclórico do libro o que lle prestou o seu carácter tan auténtico e pouco paternal: é a simbiose que só un populista pode facer, moito máis se estamos nun país colonizado. Libro de reivindicación, como afirma Catherine Davies (20), que se insere nunha moda democrática,

castellano de la novela filosófica que tanto ilustró Voltaire [ao que, por certo, Rosalia leu] y que la ha dado una mujer”, p. 320. O problema está en que resulta problemático incluir a Rosalia na cultura española, por más que a lingua sexa o español nas suas novelas. De todas as maneiras, desde unha óptica oficialista, a sua figura, de non mediar tanta incomprensión, invalidaría a suposición, alertada e comedida, de Zavala cando afirma: “Hasta donde sé no se escribieron, como en Francia, novelas abiertamente furieristas, sansimonianas o lerouxistas, pero sí aparece la tendencia a excusar a las clases humildes y de ensalzarlas”, *op. cit.*, p. 95... Noutro aspecto, abraia comprobarmos como se segue, con total prexuício reducionista e paternal, repetindo que Rosalia non era culta. Só a erudición literaria que amosa a moza de 22 anos que escrebe *La hija del mar* abafa. Sobre das faltas de ortografía nos seus manuscritos, só pode argumentá-lo quien non ten presente o papel da convención gráfica no século XIX e os cambios habidos até hoxe no español.

(18) Andrzej Walicki, *Populismo y marxismo en Rusia*, Estela, Barcelona, 1971, p. 12.

(19) *Op. cit.*, p. 13.

(20) “A importancia de “Cantares gallegos”, libro de tradición e innovación”, Grial, 82, 1983, p. 452: “Lscribiu-se o libro cun propósito específico, o de promover a causa galega e a causa do home comun” (...) “Para a España oficial *Cantares gallegos* planteou un problema: era

pero que a trascende porque é identificación pre-nacionalista, asentada nas clases traballadoras pre-capitalistas, os labregos, dun país colonizado, que ten así voz de seu. Se existe algun caso no que o suxeito colectivo se exprese, de maneira formalmente coerente, através da voz dun poeta, este caso é “Cantares gallegos”, na nosa literatura (21). Este esforzo pola dignificación do país, que conleva como parte substancial, a defensa da sua língua, no medio de tanto aldraxe e desprécio, había de ser assumido e pagado socialmente só en parte: o reducionismo atemperou e adozou o sentido do libro –viu-se baixo veo enxebrista e morriñento; a pre-poténcia ou o complexo colonial atribuiu os poemas de máis caraxe á incomprensión, más ou menos inxustificada, de Rosalia (caso de “Castellanos de Castilla”) (22). Nos ambientes da emigración, especialmente a cubana, e tamén en certa maneira en Catalunya, o libro foi construindo a fama de que inevitabelmente había gozar Rosalia (23).

O esforzo pola dignificación do país alumea, con toda a raiba e saña críticas –noutra dinámica e con outros obxectivos que os de “Cantares”, xa que logo–, nun cuadro de costumes titulado “El cadiceño” (24). Nel con total lucidez, relacionan-se asimilismo cultural e lingüístico co fenómeno da emigración. E a miséria económica a que a provoca, e esta dependéncia económica vai destruindo o país na sua manifestación cultural máis senlleira, a língua, á vez que xera unha mentalidade mimética do de fóra e despreciativa do de dentro. Con tanta crudeza pinta Rosalia o problema, que adverte que “serán inútiles las protestas, inútiles así mismo las amenazas vanas” que lancen contra dela os que non queren unha literatura que sexa fiel á verdade e más á arte. A literatura debe tratar, pois, asuntos de trascendéncia para o país. E o realismo vinculado a posicíons democráticas, populistas e patrióticas, xa sinaladas. Chamar cuadro de costumes a “El cadiceño” é só certo, na medida en que se describen situacíons típicas através de personaxes típicos, representativos dun problema. Pero a radicalidade interpretativa con que se analiza o tema, converten o artigo nun ensaio literaturizado, de denúncia: non á emigración e ás suas funestas consecuencias.

perigoso. Indicaba unha alternativa ideolóxica e literaria que subvertía a cultura oficial; unha alternativa literaria por ser galega e popular, e unha alternativa ideolóxica por ser anti-centralista e democrática”.

(21) “Toda visión del mundo es construcción de un grupo, de un sujeto colectivo, ya que es imposible a un individuo solo, por muy genial que sea, el fundar, expresar, incluso, todo un sistema imaginario, todo un sistema de relacionarse, de pensar, de esperar o recordar”, en Juan Ignacio Ferreras, *Fundamentos de sociología de la literatura*, Cátedra, Madrid, 1980, p. 28.

(22) Vid. Madariaga, *op. cit.*, p. 280: Alonso Montero, “Rosalia de Castro”, Júcar, 1972, p. 45. Moito antes, Ventura Ruiz Aguilera na sua crítica ao libro en “El Museo Universal”, nº 22 e 23, 1864, pp. 173-74 e 182-83, respectivamente.

(23) En nota a pé da páxina 51 de *La Ilustración Cantábrica*, de 18 febreiro de 1882, cuando se publica a crítica de “Follas Novas” por Franquesa e Gomis, traducida do catalán, que tiña aparecido xa no ano 1880 en “La ilustración Catalana” neste idioma, afirma-se: “La obra de la autora de los “Cantares Gallegos”, cuya fama y renombre en Catalunya es mayor todavía que en su misma patria...”

(24) Sucesivamente editado, segundo Claude Henri Poullain, en 1863, en Ferrol; en 1866, Lugo; en 1883, Ferrol e 1916, Lugo. Vid.: *Rosalía de Castro de Murguía y su obra literaria*, Editorial Nacional, Madrid, 1974, p. 253.

O próprio texto da sua escrita fica convertido nun esperpento que non ten só valor lingüístico documental —versión da fala castrapeante—, senón exteriorización de indignidade e rábida por tanto humillación. Os artigos rosalianos relozen na literatura de Almanaque pola sua forza, compromiso e cárrega crítica e moral. Pola sua independencia de criterio (25) frente á ideoloxia dominante.

3. Experiéncia “revolucionaria”, contradicións na realidade e debilitamento histórico da utopía

A esperanza, veiculizada en termos políticos e continxentes no democratismo e no republicanismo, será sometida a duras probas nos anos da Gloriosa (1868-1873). “Follas Novas” recolle toda a análise da realidade, persoal e colectiva, na que fisuras, contradicións e fracasos se van convertendo en clave da existéncia. Clara E. Lida relaciona, dunha forma explícita a situación da Galiza nos anos da Gloriosa coa xestación de “Follas Novas”:

Galicia, con su drama de minifundios y desocupación, tampoco eludió el malesestar y los consiguientes desórdenes. Un diputado a Cortes por La Coruña describía esa región como “el país más pobre de España, el más vejado por la Administración, el más olvidado. Rosalía de Castro mostraría otra cara del problema, al escribir en sus “Follas Novas” la tragedia de la emigración y la pobreza galega (26).

Unha análise dos poemas de “Follas Novas” sob a óptica do mundo como contradición, como loita, como frustración, tendo en conta a sua estrutura en partes, evidenciaria (27):

I. Vaguedás:

- 1.- As contradicións están no seu próprio pensamento; as ideas asombran ou aclaran (III, p. 165).
- 2.- Existe unha certa renúncia á vitalidade xuvenil (XIV, p. 170-71).
- 3.- Preséncia do que vai ser un feito determinante de “En las orillas del Sar”, a conciencia de que a sua non é unha experiencia xeneralizábel, senón que é o seu lastimado corazón enfermo” o que a conduce á tristura (XIX, p. 173).
- 4.- Tendéncia a considerar que a historia se repete, mesmo no terreo do pensamento (II, p. 165).

(25) Vid. Pilar García Negro, “A orixinalidade de Rosalía” en *Rosalía de Castro. Unha obra non asumida, op. cit.*, pp. 33-51.

(26) *Anarquismo y revolución en la España del XIX*, Siglo XXI, Madrid, 1972, p. 121 e especialmente nota 35.

(27) Todas as citas por Rosalía de Castro. *Poesías*, edic. de Carballo Calero para o Patronato, Vigo. 1976.

- 5.- Sentido agudo da sua anormalidade como muller escritora (I, p. 165) e afirmación da sua escrita como problemática, produto da contraditória experiencia vital (XX, p. 173).

II. ¡Do íntimo!:

- 1.- A mudanza como clave na vida das persoas segue sendo determinante (¡Adiós!, p. 174; “¡Cál as nubes no espaso sin límites...”, p. 175 e “Na catedral”, p. 176).
- 2.- Referéncia clara aos verdugos do seu espírito (“Na catedral”, p. 178), así como a ter librado “batallas rudas” (“¡Corré, serenas ondas cristañas, ...”, p. 178-79).
- 3.- A alegria foi curta para ela (“Maio longo..., maio longo, ...”, p. 193; “¡Padrón...! ¡Padrón...!...”, p. 196); falta-lle a terra e o ceo (“Por qué, miña almiña, ...”, p. 184); nihilismo (“Lúa descolorida...”, p. 193).
- 4.- O porvir está velado e hai inquedanza, polo que o paso do tempo se converte en angúria (“¡Tas-tis, tas-tis!, na silenciosa noite...”, p. 191).
- 5.- Aqui na terra perseguen-na até os fantasmas do pasado (“Ladraban contra min que camiñaba...”, p. 183; “¡Mar!, cas tuas auguas sin fondo,...”, p. 186; “Cava lixeiro, cava, ...”, p. 187; “Cando penso que te fuches, ..., p. 187, etc...). E unha “estranxeira na sua pátria”, p. 195.
- 6.- A existéncia dialéctica, antagónica, de bos e maus amores (“Bos amores”/ “Amores cativos”, p. 181).
- 7.- Ironía e sarcasmo perante a obsesión por cerimónias relixiosas clasistas (“De balde...”, p. 182).
- 8.- A xustificación moral da violéncia para enfrentar ainxusticia (“A xustícia pola man...”, p. 190). A lei do talión como resposta lóxica á insolidariedade (“Ti onte, mañán eu...”, p. 180).
- 9.- O suicidio como posibilidade de solucionar a contradición dunha existéncia solitaria e triste na terra (“¡Por qué, Dios piadoso, ...”, p. 199; “¡Soia!, p. 200, poema co que se pecha esta segunda parte).

III. – Varia:

- 1.- Crítica do papel alienante da superstición (“—Marianiña, vaite ao río...”, p. 201; “Xigantescos olmos, mirtos...”, p. 209).
- 2.- A vida pode ser fermosa, se se é feliz (“Era no mes de maio...”, p. 232). O problema está na existéncia da grande sombra que é “A disgracia”, p. 213. E mágoa que o mundo sexa finito (“Agora cabelos negros...”, p. 244-245; “Ruinas”, p. 237).
- 3.- A caducidade do amor por máis que esteña sacralizado (“—Un verdadeiro amor é grande e santo, ...”, p. 206); defensa implícita do matrimonio laico, civil, frente á sua consideración como sacramento; carácter de necesidade (“Decides que o matrimonio...”, p. 244).

- 4.- Comprensión perante a desonra da muller por amor (a saga de poemas que se encetan con “Eu por vós, e vós por outro”, p. 216, que continúan até a p. 220 con “—Para a vida, para a morte...”).
- 5.- A identificación visceral coa pátria (“Tristes recordos”, p. 228).
- 6.- Crítica do progreso e competéncia capitalista como insatisfactorios (“Apre-sa, Alvaro de Anido, ...”, p. 243).
- 7.- A denúncia da sede avarenta dos ricos (“Tembra un neno no pórtico húmido...”, p. 247, que cerra esta parte e introduce a temática estritamente social).

IV. Da Terra:

É a continuación, en posición más crítica e problematizada, da temática de “Cantares Gallegos”. Afirma-se o direito á propia literatura, ao servíciu da propia realidade frente a toda voz de incomprensión (“Calade”, p. 249); a importáncia de contar con casa propia para o pobre labrego (“¡Miña casiña, meu lar, ...”, p. 249); a permanéncia dunha certa tradición de caridade pública e a agudeza dos esmoleiros vellos (“¡A probiña que está xorda!...”, p. 253); a defensa da muller traballadora, dobremente explotada, a partir dun exemplo que é a excepción que confirma a regra (“Xan”, p. 262); ela na sua interacción coa Terra, a sociedade e a sua biografía (“En Cornes”, p. 273); o sentimento de pecado e de culpa nunha lenda popular (“O encanto da pedra chan”, p. 263); a responsabilización última de Deus pola falla de harmonía entre homes e mulleres, mesmo no matrimonio e por el, con ironía que trascende o supersticioso e o folclórico (“Tanto e tanto nos odiamos, ...”, p. 270).

V. As viudas dos vivos e as viudas dos mortos:

A preocupación pola muller traballadora do campo, no contexto do drama xeral da emigración, ocupa a parte fundamental deste libro. Existe emigración porque a miseria é produto da expoliación que se apresenta baixo a forma de embargos (¡Pra a Habana!, p. 278); os poetas deben cantar a Terra, en combate por escorrentar a miseria (“¡Terra a nosa!”, p. 283); as mulleres sofren, tamén no traballo, a auséncia dos homes (“Tecín soia a miña tea...”, p. 287); a insolidariedade perante tanta dureza (“Dor alleo non é meu dor”, p. 288); as diferentes reaccións ante o abandono da muller polo home (“—Como venden a carne no mercado, ...”, p. 288). A combinación do binómio fame/emigración (“Foi a Páscoa enxoita, ...”, p. 289); a especial insensibilidade do home nas suas relacions coa muller (“Vivir para ver”, p. 291, e “Non é de morte”, p. 292); a explotación económica por via impositiva (“¿Por qué?”, p. 306); a morte na emigración como consecuencia do sofrimento (“¡Quérome ire, quérome ire!...”, p. 294); morte ou suicidio da muller por auséncia do home (“Teño un niño de tolos pensamentos...”, p. 300; “Basta unha morte”, p. 302; “As torres do Oeste”, p. 302); as mulleres tamén emigran (“Coa pena ao lombo”, p. 309); a muller resulta dobremente marxinada neste drama (“Tan soio”, p. 310, poema que significativamente pecha o libro).

A poesía de “Follas Novas” participa da continxéncia histórica: emigración, fa-

me, miséria, embargos, laicismo, librepensamento, opresión da muller, suicidio, violencia. "Follas Novas" traduce unha experiencia persoal misturada coa colectiva, coa histórica, como se reconece no prólogo (28). De novo, as clases traballadoras, e fundamentalmente as mulleres desta condición, pero agora nun período crítico da integración da Galiza no sistema capitalista, precisamente porque idealmente se apresentaba como unha rectificación do acontecido até entón, coas consecuencias a todos os niveis, incluído o psicolóxico e moral, serán o cerne da sua literatura. Son anos cruciais para Rosalia e para a "intelligentsia" democrática e patriótica, que ela tan ben simboliza, que anota a constante da marxinalidade da Galiza no proceso de integración no Estado, as dificuldades do escritor para a publicación da sua obra, as experiencias persoais desafoutantes —"escrito en medio de todos os desterrados"—. Catherine Davies (29) ten afirmado que 1875 é a data clave para explicar o cambio de ton na poesía de Rosalia cara un pesimismo caracterizador. Pense que esta data ven afondar un proceso iniciado con antelación, precisamente na conflitiva e contraditória etapa da Revolución do 68.

Está claro que o prólogo e a estruturación dos poemas en libro é de 1880, o que, sen dúbida, agudizou o carácter elexíaco do libro, non tan evidente na leitura illada de todos e cada un dos poemas, más ben indicativos dunha forte convulsión na realidade e na propia experiencia da que Rosalia deixa constancia, como bon poeta realista (30). Neste sentido, non sei se as palabras referidas á muller no prólogo as subscrebería na época na que os poemas foron escritos (1869 a 1871). Parecen unha concesión, pode que irónica (31), ou sinxelamente obrigada polas circunstancias, pero en todo caso destinadas a lle quitar ferro ao libro, pois trata-se nada menos que de librá-lo de trascendencia e de calquera concomitancia coa dura cavilación filosófica. Parece sorprendente na nosa poeta e, desde logo, non foi acreditado polos leitores coetáneos conscientes. O máis probábel é que exista un retroceso na posición feminista rosaliana na sua manifestación e argumentación públicas (a defensa da fraternidade entre muller e home, más que da igualdade), debido ao contexto político e ao obxectivo de que o libro non escandalizase, sen negarmos un recuamente na reivindicación activa de semellante temática. Rosalia sabía que do conflito entre liberdade e necesidade, das contradicciones, xurdira un libro cheio de relativismo moral, de escepticismo e nihilismo relixioso, de denúncia e crítica social, de laicismo, ás veces fondamente amargurado, pero moitas fondamente amante da vida. Cando menos, pasa-

(28) Edic. Patronato, pp. 159-163.

(29) *Op. cit.*, p. 451: "Depois de 1875, Rosalia escomenza a escrever a poesía pesimista coa que está tan identificada".

(30) Poeta do vivido, sentido e pensado, poeta actual, do presente histórico. Torrente Ballester afirma: "Fue su experiencia humana la materia de la mayor y de la más honda parte de su obra" (...) "El único escritor español del siglo XIX que tiene una experiencia real del mal" (...) "Nos referimos a su condición de poeta social, el primero entre los españoles que no se apoya en una ideología, sino en una experiencia", en *Panorama de la literatura española contemporánea*, Guadarrama, Madrid, 1966, pp. 83-84.

(31) Así o interpreta Pilar Pallarés, *op. cit.*, por exemplo.

ron seis anos desde o anuncio da sua saída á sua real e efectiva publicación. Os acontecimentos políticos –o golpe de Estado de Martínez Campos, secuela lóxica do de Pavía, que deu lugar á Restauración– dificultaron ainda máis o que xa era un libro de publicación difícil, nun contexto cultural, político e económico como o galego, en 1873 e 1874. Con el, a literatura nacional daba o seguinte chouto cualitativo: abranxer a pluralidade temática, os tons, rexistas e estruturas más variados, ainda que fose no marco do formalmente lírico, poético. A diglósia temática rachaba e os estreitos lindes da poesía retórica, decimonónica, secuela do romanticismo, tamén (32).

4. O drama dun fracaso histórico e persoal: o illamento social e a pátria abandonada

O fracaso histórico da utopia, na sua concreción e continxéncia política, estaba reforzado polo fracaso persoal, tanto como escritora que aspira a viver do seu traballo, como na faceta más íntima e sentimental. Este proceso, parellelo á evidéncia do papel colonial da Galiza, levou a un pesimismo caracterizador, permanecendo viva, sobre de todo, a identificación co país, incluso chegando á obsesión. A pátria abandonada, o grupo da “intelligentsia” más desunido polos avatares políticos, ian acompañados de illamento social, de temor á represión, de enfermidade e de progresiva miseria económica, que acabará sendo paliada, en actos de ostentosa caridade pública, polo Centro Galego de La Habana (33). Non existe nengunha referencia, na prensa destes anos, á presencia de Rosalia nas veladas literárias do Casino ou da Sociedade Económica de Amigos del País, ambos de Santiago, mesmo despois de 1881, no que se permitiu por vez primeira a entrada das señoras dos sócios (34).

Se o suicidio foi unha das constantes da reflexión rosaliana, outra –cecais tamén literaria ao comezo– foi a loucura, como consecuencia da frustración (Esperanza, Montenegro...). Esta temática servirá de base á súa derradeira novela, en 1881, “El

(32) Mesmo pouco ten que ver coa poesía de Bécquer, poeta fondamente egótico e individualista. Vid. Ramón González Alegre, “Sobre una interpretación de Rosalia de Castro”, *Papeles de Son Armadans*, 33, febreiro, 1958, p. 156. As dificuldades de publicación de “Follas Novas” son xa sinaladas por Alfredo Vicenti no art. cit. do *Diario de Santiago*, 15 xuño de 1874: “Muy en breve verá la luz un nuevo libro de Rosalía de Castro de Murguía, titulado *Follas Novas*. Triste cosa es que la competidora de Carolina Coronado y Gertrudis Gómez de Avellaneda, necesite editar sus obras lejos del país natal; pero nosotros nos congratulamos de ello, puesto que ese es el mejor castigo que puede conferir a sus compatriotas”. Nun extenso artigo que lle adica “La Gaceta de Galicia”, de 23 de Novembro de 1880, cando aparece publicado, fala-se das dificuldades que tivo que superar Rosalia, entre as que cita a hostilidade ás literaturas “rexionais” das que se teme que agachen “el rojo y siniestro espectro del federalismo con todas sus terroríficas consecuencias”. Para superar as dificuldades lingüísticas, dun libro que significaba evidentemente un chouto cualitativo, recomendaba-se aos escritores o contacto co portugués.

(33) Práticamente desde 1880, chegando-se á propalación na propia prensa desde 1882. Ver a maneira de exemplo, as cartas de D. Angel Baltar, *O.C.*, pp. 1018 a 1020, e “La Gaceta de Galicia”, 20 xaneiro de 1884: “La ilustre Rosalía de Castro recibió, antes de cerrarse la suscripción, de la casa de D. Secundino S. Valdés, de La Coruña, una letra por valor de 500 pesos fuertes”.

(34) *La Gaceta de Galicia*, 22 de xaneiro de 1881.

primer loco". Nela a obsesión e o fracaso amoroso de Luis, que o conducirá á loucura, enfian-se cos fracasos do país. O próprio protagonista non levará a cabo a fundación dun manicómio en Conxo, como tiña prometido, para os que, mortos en vida por mor dos sofrimentos, necesitaban un lugar de recollimento e amparo. Como advertiu Vicenti, cecais o protagonista non teña de home máis que o nome (35). É a alegoria dun fracaso persoal e colectivo. A afección amorosa de Berenice, a amada, por un yankee, seguindo os consellos paternos, segue a constatar a metalización dos sentimientos. Namentres, os sectores populares –labregos–, unha vez más representados por unha moza maltratada e preterida, fican fóra da órbita amorosa do protagonista (Esmeralda, para Luis, como, en certa maneira, Rosa, para Flavio). Luis non se converterá en apóstol da idea de rexeneración do país nen tampouco chegará a ser un dos seus mártires, "cuando esto último le hubiera sido cosa harto hacedera" (O.C., 933). A superstición é avalada por unha Igrexa oscurantista, como consumo da ignorancia, pero como consolo de tantos sofrimentos provocados pola miseria na que viven os labregos. Os soños amorosos, as arelas inmortais de Luis, só poderían cumplirse noutro mundo. A harmonia será posibelmente real só entón (36).

Ao longo dos anos oitenta, vai-se consolidando unha actitude de autismo psicolóxico, de ensimesmamento en Rosalia. "En las orillas del Sar" (1884), é recorrente nos seguintes puntos-clave:

- 1.– A constatación de que houbo cambio e transformación na sua actitude e na sua situación (III, "Oigo el toque sonoro que entonces...", p. 314; IV, "Tras de inútil fatiga, que mis fuerzas agota...", p. 315; "Al oír las canciones...", p. 378; "Los tristes", p. 327; "Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los pájaros...", p. 370; VI, "Oh tierra, antes y ahora, siempre fecunda y bella!", p. 317, "Prodigando sonrisas...", p. 386; "En su cárcel de espinos y rosas...", p. 341...)
- 2.– A forte identificación coa Galiza, representada especialmente pola sua Natureza, os seus emigrantes e a obsesión polo seu futuro (I, "Era la última noche...", II, "Como a impulsos de lenta...", pp. 344-45; "¡Volved!", pp. 345-46; "Los robles", pp. 330-34; "¡Jamás lo olvidaré...! De asombro llena...", pp. 336-40; "A la luna", pp. 379-81).

(35) *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 14, 18 maio de 1881.

(36) José Luis Varela, *Poesía y restauración cultural de Galicia*, Gredos, Madrid, p. 196, despois de relacionar temas e ideas de la obra de Rosalia coa literatura alemana do post-romantismo, conclui sintetizando esta febra do seu pensamento e da sua evolución: "Ataque a la "seca razón" —que rompió la armonía originaria del hombre con la naturaleza—: existencia de un mundo oculto, reino de lo extraordinario, donde actúan fuerzas secretas (aquí dualidad de los dos principios, el del bien y el del mal); el sueño como reintegrador a los orígenes: naturaleza animada que sufre o habla, incapacidad de la voluntad humana de esquivar o reducir la fuerza de las llamadas de la Naturaleza". Adverte o crítico que a maior parte dos textos aducidos para establecer a vinculación son posteriores a 1880, *op. cit.*, p. 200.

- 3.- A correlación felicidade/eternidade é unha esperanza (“Cuido una planta bella...”, p. 363; “I, en los ecos del órgano o en el rumor del viento...”, p. 364; “I, Su ciega y loca fantasía corrió arrastrada por el vértigo”, p. 352-53). Pero ao tempo está presente o anseio de morte, nihilismo e autismo total (“Fue ayer y es hoy y siempre”, p. 391; “No! No ha nacido para amar, sin duda, ...”, p. 391; “Al caer despeñado en la hondura...”, p. 392).

Abonda para o propósito que nos guia. E notorio que o contido do libro está máis determinado por unha óptica uniforme, na que o suxeito está menos diversificado. E o próprio corazón e o próprio pensamento a medida de todas as cousas, nunha posición isolacionista. Por tanto, unha filosofía do sentimento, enraigada nunha experiencia psico-social e histórica, pero que aspira á consumación na morte e á realización no eterno, mantendo acceso o soño de felicidade.

Antes de 1884, tiñan aparecido na lenta recuperación pública da escrita rosaliana no Rexime da Restauración, dous artigos titulados “Padrón y las inundaciones” e “Costumbres gallegas”, este último sobre a prostitución hospitalaria (37). O escándalo que provocou –repetición da historia doutros tempos, pero noutra atmósfera e con outro talante más abatido socialmente na escritora–, con ataques dirixidos á sua autora, levaron-na a unha decisión: a renúncia ao combate social que tiña como parte básica o uso do galego. O proceso de autismo, de isolamento, favorecia a quebra, perante a hostilidade, do vehículo máis externo e claro do proxecto rexenerador da sua escrita, a língua galega. Pero non, como vimos de ver, moitas das suas preocupacións patrióticas. Rosalia tiña erguida a práctica lingüística pública, na escrita, máis alto e lonxe que ningún, en tempos difícéis (o ensaio, o conto, a destrucción da diglósia temática na poesía...). A conciencia práctica posible, no contexto histórico, as condicións do mercado editorial capitalista, o proceso evolutivo rosaliano, a interacción de coñecimento e actitude do destinador/público-destinatario/xénero literario, configuran os uso galego/español na sua obra (38).

5. A historia dunha asimilación destrutiva

O entierro de Rosalia é a crónica dun silenciamiento, a constatación dun desprécio, o castigo social tamén post-mortem, como se pode comprobar nas palabras de Rodríguez Seoane:

Su entierro creemos que no haya sido más que la soledad que para muchos precede a la tumba. ¡Qué doloroso es, pátria mía, el camino que aun después de muertos tienen que recorrer tus hijos ilustres! (39).

(37) Publicado en *Los lunes del Imparcial*, Madrid, 28 marzo e 4 de abril de 1881.

(38) Vid. Francisco Rodríguez, “Achegamento a unha Rosalia sen mistificacións”, en *Rosalía viva*, monográfico de *A Nosa Terra*, Vigo, 1984, especialmente pp. 30-31.

(39) Artigo necrolóxico en “La Gaceta de Galicia”, 16 de xullo de 1885, un dos poucos xornais que deu relevancia á noticia do seu pasamento.

Nen sequer se cumpriu a hipócrita conduta social, por ela denunciada nestes versos:

Llora a mares por ellos,
les viste la mortaja
y les hace las honras...
después de que los mata (p. 362)

Nen lápida nen cruz na sua tumba, cando menos a dous meses do seu enterro no cemiterio de Adina (40). A movilización de desagravio escomenzou cedo en La Habana e foi canalizada pola Asociación Rexionalista en 1891: o traslado dos restos mortais de Adina a Santo Domingo de Bonaval. Nen entón a ortodoxia relixiosa, confesionalmente católica, de moitos dos seus auspiciadores —Cabeza de León, Alfredo Brañas, Diaz de Rábago, o coengo Xosé María Portal...— conseguiu a total aprobación e anuéncia da oficialidade (Arzobispado, Governo Civil, forzas políticas integradas no Rexime...) O próprio Murguía e a familia acabarán por non estaren presentes na cerimónia do traslado, correndo a sua representación por conta do coengo devan-dito. Da crónica desta esemérides, ambígua na sua intención, acto de afirmación rexionalista e da glorificación tardía, fican extremos por esclarecer que indican que a sua figura continuaba a ser molesta. Proibiu-se facer un eloxio póstumo nas naves da Igrexa, o que, a xulgar polas noticias de “La pátria gallega” foi aceitado e silenciado obedientemente polos promotores do acto (41).

Desde entón, e de mans dos rexionalistas, con todas as suas contradicións e inconsecuencias, asistiremos a un intento de beatificación de Rosalia, ainda que non se teña peito para negar o seu radicalismo patriótico. Na velada celebrada no Ateneo León XIII de Santiago, en 1899, en homenaxe a Rosalia, con todo o arrecendo dun acto social para xente fina, os oradores todos falaron en galego, ainda reconhecendo que normalmente o facian en español, en aras da personalidade da homenaxeada (42). Ao pouco, certos sectores da Igrexa, perante un proceso de mitificación inevitábel, iniciado nos mundos da emigración, incluídos os sectores relevantes —poderosos centros de La Habana e Buenos Aires (43)—, recorreu a unha cruzada de salvación de quen

(40) A. Claridades, “Ingratitud y vergüenza”, en *El magisterio español*, 5 do 10 de 1885. Un artigo de *La Gaceta de Galicia*, titulado “La tumba de un ruseñor”, publicado o 22 de outubro de 1886, confirma estes dados.

(41) Non hai referéncias ao respecto no número de *La Patria Gallega* adicado aos actos, do 30 de maio de 1891. Andando os anos si se topan referéncias en *Vida Gallega*, nº 52 de 1914, nun traballo que leva por título “Galicia va a pagar su deuda con Rosalía de Castro”.

(42) “Homenaje a Rosalía de Castro de Murguía, velada celebrada en el Ateneo León XIII”, 30 de maio de 1899, Santiago. Brañas advertía de que “además de cantora do povo era poeta de homes cultos”. Por certo, que, a pouco de aparecer “Follas Novas”, nunha carta de Víctor Canda-mo a Rosalía en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº 4, 8 febreiro, Madrid, 1881, se afirmaba: “Follas Novas” (...) reúne los profundos estudios de la mujer filósofa y las trascendentales predicciones del genio”.

(43) A maneira de exemplo, a Homenaxe celebrado, no XII aniversario da sua morte, 15 de xullo de 1897, na República Argentina. Foi enviada “artística corona de bronce” para colo-car na sua tumba.

ela tiña contribuido a condenar. Nesta dirección vai o libro de Vales Failde, "Rosalía de Castro" (44).

A oficialización e integración de Rosalia na literatura española, como rezagada, virá arredor do ano 1917, data clave na que se vai erguer o monumento da Ferradura en Santiago —que non foi proxecto xerado na cabeza oficialista, senón na dun ex-emigrado culto, o Sr. Fraiz—, no que participará, cunha parcial contribución económica, o Governo español e con total rentabilización política dos actos. O intermediario foi o Sr. González Besada, presidente do Congreso dos Deputados, na época do Governo Dato. A Real Académia Española tiña representación nos actos na persoas do mesmo señor. Corridas de touros, bandeiras españolas, velada no teatro para público selecto redondearon a "consagración": unha santa, quen en vida e morte foi considerada, cando menos, unha louca. As recén fundadas Irmandades da Fala protestaban así no seu órgano "A Nosa Terra":

"E ises señores, que seica parece-lles que ainda zugaron pouco na Galicia escrava, queren aproveitar a ternenza das primeiras raiolas do sol da redenzón para os seus medros persoais na meseta. Programan-se galegos aos catro ventos, e falan en castelán e pensan en centralismo; cobren-se de nós e de nosos poetas para faguer-nos escada dos seus degoros de poder, para rubiren até os pes dos seus amos, dos que reciben en prémio da sua labore de lamáchegas, un aita noxenta (...)

Mais, en datas como ista, amostran a orella; en datas como ista —non esquezamos o feito—, de tantos e tantos apóstoles (?) galeguistas, non houbo un, nin un soio, que se lembrase de que existira no mundo a excelsa Rosalia, a que tanto nomean nos seus aitos políticos, a que adicou a alma e vida a loitar polo ben da nosa raza, da nosa terra, que iles, ruíns e desleigados fillos, tanto aldraxan (...) (...) foi nosa gran poeta —e non lírica española— (45)".

Xustamente cando escomenza a haber nacionalismo ideolóxico, o poder sentiu a necesidade de integración e de asimilación destrutiva. Vai sendo hora de librar a Rosalia de tanta falsedad con que a agacharon. E unha necesidade para a correcta conformación e valoración da nosa historia literaria, cultural e política.

(44) "Rosalía de Castro es nuestra; Rosalía de Castro es católica, católica por su conducta, católica por sus obras, y hasta católica por ser gallega ya que en aquella región paradisiaca son, afortunadamente, desconocidas las mujeres librepensadoras", *op. cit.*, Madrid, 1906, p. 52.

(45) Nº 36, A Coruña, 30 de xullo de 1917.

APENDICE

LOCURA

Era alta justamente para escuchar los latidos de su corazón.

Anonadados por aquel dolor que les retorcía las entrañas, ellos en la quietud serena del jardín, cambiaban por última vez, los íntimos anhelos de sus almas, hermanas cual dos flores que se columpian sobre el mismo tallo.

Súbito, ella pidió algo, con tonalidad mimosa, ruborizada, murmurando la frase en una suprema vibración de angustia y desconsuelo.

— ¡Perdóname!... Es un capricho...

El respondió trémulo:

— ¡Oh mi amada!

Y la gentil cabecita se inclinó suave, lenta como lirio que la brisa troncha, hasta rozar dulcemente el pecho generoso, donde palpitaba convulso el corazón idolatrado.

Así, en la embriaguez de un beleño, entornados los párpados de largas pestañas, rociadas de lágrimas; paralizada casi la existencia propia, ella escuchó el rítmico latir apasionado que la corriente nerviosa depositó allá, en alguna célula recóndita del cerebro estremecido por la fiebre y la tortura.

El marchó lejos, muy lejos, a un país donde la muerte le hizo prisionero, envolviéndolo entre su vasta sombría y separándolo para siempre de la dulce enamorada, que le esperaba... le esperaba eternamente,

* * *

Fuimos a verla una vez a la casa de locos. La celda en que se hallaba era pequeña y limpia, con paredes tapizadas con un lienzo claro, color de cielo.

Parecía una novia vestida de blanco. Envuelta estaba en una vaporosa túника de larga cola y flotantes mangas, con espumosos encajes. Sonreía plácida transfigurada, en un éxtasis ultraterreno.

Colocó el índices sobre los labios que tenían palideces de pétalo marchito, musitando:

—Silencio, silencio... ¿Escucháis? Lo siento aquí, aquí —señalaba el oído y el cerebro— es su corazón, su corazón que palpita con el ritmo de una música celeste... tac... tac... tac...

ROSALIA CASTRO

“La Gaceta de Galicia”, 26 de Octubre de 1913

VARIEDADES

CORPUS CHRISTI.

Dia blanco y azul como el cielo,
 Dia lleno de luz y de flores,
 En que alegres las rústicas gaitas
 Desde el alba, resuenan acordes
 Entonando sus alegres
 Y melodiosas canciones.

Dia hermoso en que tocan á gloria
 Las campanas, y se abren soberbios
 A los rayos del sol, los capullos
 De claveles y rosas, que el viento
 Despues, esparce afanoso,
 Sobre el pálio entre aromas envuelto.

Y el hinojo de fresco perfume
 Como cubren los musgos la roca,
 Va cubriendo, por donde Dios pasa
 Las calles de verde alfombra,
 En la que, el gentío inmenso
 Su pié blandamente posa.

Ni envejeces jamás, ni los siglos
 Al hollar tu corona divina
 Han logrado agostar su frescura,
 Ni empeñar la celeste alegría
 Que innunda todas las almas
 Al presentir tu venida.

Más... ¡dia que ella amó tanto!
 Hoy llegas sin que te espere,

Y te vas, sin que sienta su pecho
 Que pasaste quizás para siempre
 Ya que aquel que hoy te ha visto, pudiera
 No volver jamás á verte.

Y tu brillo y tu pompa sorprenden
 Y lastiman sus ojos marchitos,
 Que ya solo ven fantasmas
 Allí en donde, dichosos los vivos,
 Aun se buscan con ánsia y se encuentran
 Si es que se lloran perdidos.

Dia blanco y azul como el cielo,
 Alegría de niños y ancianos,
 Santo orgullo del orbe católico,
 Y hermosa fiesta del año;
 ¡Quien pudiera como un tiempo
 Soñar con tu sol temprano!

Mas solo... solo Dios sabe
 Por que ya no contentas su seno,
 Ni al oír tus dianas sonoras
 Despierta alegre en su lecho,
 Y en vez de lucir sus galas
 Se envuelve en fúnebres velos.

Dios lo sabe, y cuando pasa
 Todo de resplandor lleno,
 Le dice —ocúltate y llora
 Si al morir quieres verme en los cielos.

Rosalía Castro de Murguía.
 "La Gaceta", 19 Setembro de 1883